

# TERRA!

DUISBURGO, 1569

A NOSA HISTORIA, MAESE IMPRESOR, REMÓNTASE ATA O 13 DE AGOSTO DO ANO DO NOSO SEÑOR DE 1476...

... CANDO UN BARCO DE PROCEDENCIA XENOVESA NAUFRAGOU FRONTE ÁS COSTAS DE PORTUGAL.

ABANDONADE O BARCO!

É A FIN!

SÁLVESE QUEN POIDA!

UN DOS SUPERVIVENTES, CRISTOVO COLÓN, FOI LEVADO A LISBOA, ONDE TRABALLOU COMO CARTÓGRAFO E AXENTE COMERCIAL. VIAXOU POR INGLATERRA, ISLANDIA, MADEIRA E GUINEA. DURANTE ESTE TEMPO ELABORARÍA O SEU PLAN...

EN 1484 ENTREVISTOUSE CO REI XOÁN II DE PORTUGAL...

AS RUTAS COMERCIAIS A ORIENTE POR TERRA ESTÁN CORTADAS. PARA CHEGAR POR MAR HAI QUE CIRCUNNAVEGAR TODA ÁFRICA, O QUE É UNHA LONGA VIAXE.

... CON TODO PODERIAMOS CRUZAR O ATLÁNTICO. SEGUNDO OS MEUS CÁLCULOS, AS INDIAS ESTÁN 700 LEGUAS CARA A OCCIDENTE.

O VOSO PLAN É MOI ARRISCADO. NINGUÉN CRUZOU ESE OCÉANO. NON APOIAREMOS TAN TOLA EMPRESA!

ANTE A NEGATIVA DO REI E CONSTERNADO POLA MORTE DA SÚA MULLER, TRASLADOUSE, XUNTO AO SEU FILLO DIEGO, A ESPAÑA.

FORON TEMPOS Duros. FOI ACOLLIDO CON DIEGO POLOS MONXES DO MOSTEIRO DA RÁBIDA, ONDE ESTABLECEU AMIZADE CON FREI JUAN PÉREZ.

EXPUXEN AS VOSAS IDEAS A PERSOAS A QUEN COÑEZO PARA QUE PIDAN AUDIENCIA AOS REIS.

MOSTRÁRONSE INTERESADOS?

ANTES TIVEN QUE CONVENCELOS DE QUE NON ESTADES TOLO! PÉRO SI, DESEXAN COÑECERVO.